Desde o Concello de Verín informamos que debido ao importante aumento de casos activos de Covid-19 que está a experimentar a nosa comarca pospóñense todos os eventos restantes da axenda de Nadal programados en interior.

Así pois, os concertos de Gisela (Concert Kids) e Lyberic (Tributo a Il Divo) que se programaran no Auditorio Municipal quedan adiados ata novo aviso.

As persoas que xa adquirisen as súas entradas recibirán unha mensaxe no email utilizado para a compra das mesmas no que se lle darán dúas opcións: conservar o seu acceso na nova data, que se anunciará a través das nosas RRSS; ou ben recibir o reembolsado do importe correspondente.

Rogamos desculpen as molestias.